Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA



# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### CEE

*Formalización da abstención da alcaldesa e substitución pola primeira tenente de alcaldesa. Expediente de orixe: 2026/X999/000236*

**DECRETO DA ALCALDÍA**

**EXPEDIENTE DE ORIXE:** 2026/X999/000236

**EXPEDIENTE DECRETO:** 2026/G003/001211

**ASUNTO:** FORMALIZACIÓN DA ABSTENCIÓN DA ALCALDESA E SUBSTITUCIÓN POLA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDESA.

Vista a solicitude presentada por D. Manuel Lamela Lestón, relativa á doazón dunha obra pictórica ao Concello de Cee, e a declaración de abstención formulada por esta Alcaldía, por concorrer parentesco de consanguinidade de primeiro grao co interesado, de conformidade co artigo 23.2.b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e co artigo 76 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Considerando que, mediante Resolución da Alcaldía número 268/2026, do 18 de marzo, foi nomeada primeira tenente de alcaldesa D.ª Belén Fernández Conde.

De conformidade cos artigos 44 e 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro,

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Formalizar a abstención desta Alcaldía de intervir na tramitación e resolución do expediente 2026/X999/000236, por concorrer a causa legal de abstención prevista no artigo 23.2.b) da Lei 40/2015.

**SEGUNDO.** Delegar expresamente, para os efectos da substitución por impedimento legal, na primeira tenente de alcaldesa, **D.ª Belén Fernández Conde**, o exercicio das funcións da Alcaldía exclusivamente respecto do expediente 2026/X999/000236.

A substitución comprenderá a tramitación, adopción das resolucións que correspondan á Alcaldía e execución das actuacións relativas ao devandito expediente, sen prexuízo das competencias que legalmente correspondan a outros órganos municipais.

**TERCEIRO.** A presente resolución ten carácter exclusivamente organizativo e non supón pronunciamento ningún sobre a aceptación da doazón nin sobre a colocación ou substitución de obras pictóricas no salón de plenos.

**CUARTO.** Notificar a presente resolución á primeira tenente de alcaldesa, dar conta ao Pleno da Corporación e proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 44 do ROF.

Cee, 18 de novembro de 2026.

A ALCALDESA

Margarita Lamela Louzán

A SECRETARIA MUNICIPAL

Rocío Hermida Cancela

2026/7640

Número de anuncio 2026/7640